



SOLICITUDE DE CONVOCATORIA DE PLENO EXTRAORDINARIO

Agustín Hernández, María José Castro Carballal, Alejandro Sánchez-Brunete, María Ángeles Antón, María José Corral López, Manuel Martínez Varela, Teresa Gutiérrez López, María Teresa Cancelo Márquez e Claudio Montiel Carracedo, concelleiros e concelleiras do Concello de Santiago de Compostela

EXPOÑEN

Conforme ao artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 abril, de Bases de Réxime Local (LBRL) e ao disposto nos artigos 48 e 49.1 do Regulamento Orgánico Municipal (ROM) do Pleno do Concello de Santiago de Compostela e tendo en consideración que, transcorrida practicamente a metade do mandato, non se ten convocada ningunha sesión extraordinaria do Pleno sobre a situación xeral do Concello e a exposición das liñas mestras da acción de Goberno, tal e como expresa o artigo 114 do ROM, e á vista da notable paralización da actividade municipal que precisa dun impulso e da adopción de medidas concretas que permitan avanzar no desenvolvemento das distintas áreas, os concelleiros e concelleiras que subscriben

SOLICITAN

Primeiro.- A convocatoria de Pleno Extraordinario nos termos legais e regulamentarios anteriormente expostos.

Segundo.- A inclusión na orde do día da sesión extraordinaria a proposta de acordo do Grupo Municipal Popular nos termos seguintes:

ACCIONS ESTRATÉXICAS A ABORDAR POLO GOBERNO MUNICIPAL NO QUE RESTA DE MANDATO

Ante a falta de planificación ou a tardanza en dispoñer de importantes e indispensables documentos de control e planificación da acción municipal, así como o desenvolvemento de actuacións que deberían ser consideradas prioritarias, propoñemos que se intensifiquen os traballos tendentes a abordar – respectando os prazos que se indican- as seguintes medidas ou accións:

- **Novo Regulamento Orgánico Municipal do Pleno de Santiago de Compostela:** que deberá ser sometido a aprobación inicial antes do mes de agosto de 2017.
- **Plan plurianual para mellora de vías e beiravías:** Realizar un diagnóstico da situación das vías e beirarrúas do Concello para levar a cabo unha actuación integral de mantemento, coa elaboración dunha planificación plurianual, con propostas dos recursos, propios e doutras administracións, necesarios para facerlle fronte.
- **Plan Estratéxico de Turismo:** que deberá ser presentado antes de finais de xaneiro de 2018.


- **Plan Especial da Cidade Histórica:** O informe ambiental deberá ser remitido ao órgano ambiental antes do verán, coa aprobación do documento íntegro ao longo do ano 2018.
- **Plan Estratéxico do Comercio 2017-2021:** Elaborar un calendario que concrete o horizonte das accións a desenvolver a curto, medio e longo prazo, incluídas no documento aprobado no pasado mes de abril.
- **Venda de solo municipal:** O compromiso de destinar a medidas de política social os posibles ingresos que se obteñan sobre o prezo básico do solo residencial que o Concello poña en venda .
- **Mellora na planificación do transporte de viaxeiros por estrada:** Colaborar técnica e economicamente –con recursos propios ou en concerto coa Deputación da Coruña- na planificación do transporte público de viaxeiros por estrada no termo municipal, no marco da actualización e ordenación das concesións que está a levar a cabo a Administración autonómica.
- **Renovación da frota de autobuses urbanos e novas marqueseñas accesibles,** dentro da concesión –rematada en febreiro de 2016- que deberá ser licitada ao longo do ano actual.
- **Plan Municipal de Sendas Peonís:** Rematar no ano actual a redacción do documento para presentar no primeiro trimestre de 2018 un programa coas actuacións a desenvolver durante ese ano.
- **Regularización dos contratos de servizos:** Elaborar ao longo do ano actual un calendario cos concursos a convocar polo Concello, determinando as datas das correspondentes licitacións, para acabar coas prestacións en precario dos servizos públicos externalizados.
- **Ordenanza Municipal de Publicidade, Rotulación, Terrazas e Quioscos:** Rematar coa súa revisión coa aprobación antes de que remate o mes de xullo de 2017.
- **Concederlle a máxima prioridade á tramitación urbanística a proxectos claves para a cidade:** como a intermodal ou a nova facultade de medicina e o ámbito do hospital clínico.
- **Servizo de Axuda no Fogar:** Proceder á licitación do novo contrato do servizo, cos axustes necesarios, antes de que remate o mes de xullo de 2017.
- Asinar durante o ano actual un **convenio de colaboración coa Universidade de Santiago** que faga posible a completa adecuación do Campus Sur e o inicio da construción do aparcamento subterráneo que lle dea solución ás demandas de aparcamento no Ensanche.
- **Estratexia Local de Emprego 2015-2020:** Presentar no primeiro trimestre de cada ano un balance das liñas das medidas adoptadas no desenvolvemento dos obxectivos sinalados neste documento aprobado en xaneiro de 2016, coa súa correspondente valoración.

- **Saneamento do Sar e Sarela:** Participar de forma activa na conclusión das actuacións de saneamento e no seguimento da construción da nova EDAR e dos colectores, co obxectivo de acadar o saneamento integral das súas augas, así como a adecuación da totalidade das súas ribeiras para o goce da cidadanía.
- **Regulamento do aparcamento:** Realizar un estudo dun modelo alternativo da ORA co obxectivo de procurar unha redución do custo para o usuario e unha optimización das autorizacións.
- **Centros Socioculturais:** Regularizar a xestión da Casa da Xuventude coa súa incorporación á xestión da Rede de Centros Socioculturais.

Santiago de Compostela, a 16 de maio de 2017



Agustín Hernández



María José Castro Carballal




Alejandro Sánchez-Brunete




María Ángeles Antón



María José Corral López




Manuel Martínez Varela



Teresa Gutiérrez López



María Teresa Cancelo Márquez



Claudio Montiel Carracedo

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela

